



Concello de
OURENSE

DECRETO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA

Ref. Expediente: 2020036544

Con data 6 de maio de 2020 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense o acordo do Pleno do Concello de Ourense de 30 de abril de 2020, de aprobación definitiva dos orzamentos xerais do Concello de Ourense correspondente ao exercicio 2020, en unión do resumo por capítulos do dito orzamento, conforme ao previsto no artigo 169.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Na base 41ª das de execución dos ditos orzamentos se regula o réxime das dotacións económicas aos grupos políticos municipais, indicando textualmente: “De conformidade cos acordos plenarios adoptados establécese como asignación mensual a cada un dos grupos políticos do Concello de Ourense, a cantidade de 700,00 euros por grupo municipal constituído, e de 700,00 euros por cada membro que forme parte integrante destes.

O importe da dotación económica recoñecida a favor dos grupos municipais non poderá destinarse ó pagamento de remuneracións de persoal ó servizo da corporación, nin á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial. A estes efectos, non terán a consideración de bens de inversión, os sinalados no artigo 108.2 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido.

A dotación económica ós grupos municipais aboarase ó comezo de cada trimestre natural, rateándose nos supostos de modificación do número de membros integrantes de cada grupo e do período a que correspondan.

Os grupos municipais deberán levar unha contabilidade específica da dotación monetaria a que se refiren os apartados anteriores, comprensiva dun rexistro de caixa, de entradas e saídas, conformado polo Voceiro do grupo municipal, que porán a disposición do Pleno a petición da Xunta de Voceiros.

A fiscalización destas dotacións económicas por parte da Intervención municipal, realizarase anualmente con referencia a 31 de decembro, debéndose presentar, no primeiro trimestre do exercicio seguinte a que correspondan, xunto a un estado resumo da contabilidade levada polo grupo e unha declaración responsable, expedida polo voceiro do grupo, na que se poña de manifesto que a totalidade dos fondos percibidos foron aplicados ós supostos e ós casos previstos na lei.

No último ano de mandato corporativo e con carácter previo á súa finalización, os grupos municipais deberán liquidar as dotacións recibidas con destino o seu funcionamento, de xeito tal que no caso de existiren excesos de financiamento deberán reintegrar o exceso percibido na Tesourería municipal. “

Visto o informe proposta do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria con referencia 259/2020 de data 25 de novembro de 2020 que no sua parte expositiva indica que:

“En data 21 de outubro de 2020 solicitouse a Secretaria Xeral de Pleno informe sobre a composición dos grupos políticos referida tanto ao 3 trimestre como ao 4º trimestre de 2020, así como as variacións que se puideran producido ata o data da solicitude aos efectos de proceder ao cálculo das asignacións económicas correspondentes ó 4º trimestre do 2020.

Recibida contestación en data 22/10/2020 da Secretaria Xeral de Pleno reflexa no mesmo que o Grupo municipal Democracia Ourensana é o único que presenta variacións, en concreto, indica do



tenor literal :

“O 11 de setembro de 2020 o Pleno do Concello tomou consideración da renuncia presentada por D. Mario González Sánchez e o 23 de setembro último D. Telmo Manuel Ucha Álvarez tomou posesión do cargo como concelleiro non adscrito, polo que dende o 23 de setembro o grupo municipal quedou formado por seis concelleiros ata o 19 de outubro último, no que o representante legal do partido Democracia Ourensana comunicou que D. Manuel Álvarez Fernández foi expulsado do partido e D^a María Teresa Rodríguez Garrido, D José Miguel Caride Domínguez e D^a María del Mar Fernández Dibuja deixan de representar a dita formación política e pasan a ser concelleiros non adscritos. Por todo elo e dende aquela data de 19 de outubro de 2020 o Grupo Municipal de Democracia Ourensana está formado por dous corporativos, D. Gonzalo Pérez Jácome e D. Armando Ojea Bouzo”

Propoñendo o Concelleiro delegado de Facenda: “Autorizar e dispoñer o gasto, e recoñecer unha obriga a favor dos grupos municipais que se especifican, con cargo á aplicación orzamentaria,”N120.9123.48900 Asignacións a grupos políticos municipais” (RC nº 202000056583 de 23/11/2020), as seguintes cantidades en concepto de asignación económica á que se refire o art. 41 das Bases de execución do vixente Orzamento en relación co art. 73 da lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, correspondente ao período do cuarto trimestre do 2020 , segundo o seguinte desglose:

GRUPO POLIT	CIF	Meses	Asig.Grup.Pol.	Nº Concejál	Asig.Concejál	Total
Grupo Municipal Democracia Ourensana*	V32420655	3	700	2	700	7.925,81
Grupo Municipal Partido Popular	V32372922	3	700	7	700	16.800,00
Grupo Municipal Socialista	V32372310	3	700	9	700	21.000,00
Grupo Municipal Ciudadanos	V32501520	3	700	2	700	6.300,00
Grupo Municipal BNG	V32501439	3	700	2	700	6.300,00

(*) Grupo municipal Democracia Ourensana	18/31(días octubre)x(700 +700 x 6) =	2.845,16 €
Grupo municipal Democracia Ourensana	13/31(días octubre)x(700 +700 x 2) =	880,65 €
Grupo municipal Democracia Ourensana	2 (novembro e decembro) x (700 + 700 x 2) =	4.200,00 €

Total asignacións 4º trimestre 58.325,81 €”

Sometida a fiscalización previa da Intervención a dita proposta, con data 03 de decembro de 2020 foi fiscalizada de desconformidade, concluíndo o mesmo que “A proposta de resolución remitida fiscalízase de desconformidade con base na argumentación esgrimida no informe núm. 79 de Intervención municipal relativa a esixencia dun reintegro ao grupo municipal de Democracia Ourensana.

Neste sentido, cómpre advertir que segundo a base 41 de execución do orzamento, as dotacións económicas aos grupos municipais aboaranse ao comezo de cada trimestre natural, de tal xeito que a devindicación das citadas dotacións, prodúcese ao inicio de cada trimestre natural, atendendo ás circunstancias e integrantes de cada grupo municipal, sen que sexan obxecto de rateo con ocasión de variacións que se produzan nalgún dos seus componentes.

De feito, o rateo que contempla a citada base de execución, unicamente estase a aplicar con ocasión do comezo ou finalización do mandato electoral pero non pola variación do número de membros ou integrantes dun grupo municipal, senón pola propia finalización do mandato representativo.

Esta interpretación foi sempre a seguida en cada pagamento das citadas dotacións económicas, todavez que nunca se detraeu contía algunha con ocasión da formalización de renuncias por parte dos concelleiros electos.

De feito, de optar por mudar a interpretación preexistente, deberíanse iniciar diversos expedientes de reintegro de pagamento con respecto a todos aqueles grupos municipais que experimentaron renuncias nas súas filas, dado que no seu día non foron obxecto de esixencia de reintegro





Concello de **OURENSE**

económico algún.

Finalmente indicar, a efectos puramente expositivos, que estes expedientes de reintegro de pagamento poderían abranguer ata catro anos anteriores á data do seu pagamento, en aplicación dos prazos prescriptivos establecidos na lei xeral orzamentaria para as débedas de dereito público.”

Incorporado ó expediente **informe emitido polo Coordinador Xeral da Administración Municipal en expediente 2020021801** (retribucións grupos municipais 3º trimestre 2020), de conformidade coas atribucións conferidas a ese órgano directivo no Decreto da Alcaldía nº 2020/572, de 31 de xaneiro, modificado por Decreto nº 2020/999, de 12 de febreiro (BOP nº 42, de 20 de febreiro de 2020), que aborda entre outras cuestións a situación aquí plantexada, indicando: “A realidade, sen embargo, é que a dicción literal das bases de execución en ningún momento fala da devindicación do dereito á percepción da asignación dos grupos. O único que literalmente di a base 41ª ao respecto é que “a dotación económica ós grupos municipais aboarase ó comezo de cada trimestre natural, rateándose nos supostos de modificación do número de membros integrantes de cada grupo e do período a que correspondan”. Por outra banda, a base de execución determina as contías das asignacións por referencia a meses naturais (700 euros mensuais por grupo con carácter fixo e 700 euros mensuais por cada concelleiro que o integre), e non a trimestres (así, o primeiro parágrafo da base 41ª di que esta dotación estabécese “como asignación mensual”).

Estes datos, ao meu xuízo, non permiten soste a interpretación de que a devindicación desas asignacións sexa trimestral, o que obriga a buscar unha interpretación alternativa. En efecto, nos termos literais das bases de execución non se prevé expresamente tal devindicación trimestral, e por outra banda esa devindicación trimestral sería incongruente co feito de que a base temporal para o cálculo do importe das asignacións non sexa trimestral, senón mensual. Máis aínda: as bases nin sequera fixan unha data precisa de devindicación, limitándose a indicar que se aboarán “ao comezo” de cada trimestre (non necesariamente, por tanto, o primeiro día natural - ou hábil – dese trimestre). É dicir: semella máis coherente coa dicción literal das bases entender que o único que se establece é que os pagos se realicen trimestralmente, ao “comezo” de cada trimestre natural, ou noutros termos, que o trimestre non é o momento de devindicación do dereito ao cobro, senón simplemente un prazo (aproximado) para a liquidación e pagamento periódico da asignación. De feito, e dado que a base para o cálculo das contías é mensual, sería discutible que no caso de que se producisen cambios no número de compoñentes dun grupo estes cambios non tivesen efecto ata o trimestre seguinte (posto que, se as contías son mensuais, o lóxico sería entender que eses cambios se tivesen en conta cando menos xa no mes seguinte a aquel no que se produciu tal cambio; sendo, por outra banda, perfectamente posible que o rateo previsto nas bases para estes casos se realizase por referencia ao momento real no que se producise o cambio de número de integrantes no grupo; así, por exemplo, no suposto en que ese cambio tivese lugar o día 20 dun mes dado, consistindo o cambio na baixa dun membro do grupo, bastaría con reducir nun 33,3 % a asignación mensual variable correspondente ao concelleiro que causa baixa nesa mensuralidade). Neste senso, a base 41ª limitase a prever que a liquidación trimestral ratearase “nos supostos de modificación do número de membros integrantes de cada grupo e do período a que correspondan”, pero non indica cal é ese período (se o trimestre, que é o ámbito temporal de liquidación, ou o mes, que é a base para o cálculo da asignación).

Dende este punto de vista, pois, e tendo en conta que as bases din literalmente que a asignación consistirá nunha contía “mensual”, unha primeira interpretación alternativa permitiría soste que a devindicación se produce mensualmente, sen prexuízo de que a liquidación se realice por trimestres naturais, facéndose ademais de xeito anticipado. Esta primeira interpretación alternativa xa levaría a unha conclusión diferente á sostida no informe do Interventor, dado que a suposta retroactividade da base 41ª non afectaría ao 1º e 2º trimestre íntegros, senón únicamente ao 1º



trimestre e a parte do 2º, debendo entenderse que o mes de xuño completo se debe liquidar conforme ao novo orzamento.

Pero é que incluso cabe incluso postular unha segunda interpretación, na que a devindicación non sería mensual (posto que as bases tampouco din isto en ningún momento). En efecto, a devindicación das obrigas depende da súa peculiar natureza, sen que exista unha regra xeral aplicable de forma universal a calquera tipo de obriga económica. Así, por exemplo, no caso de obrigas tributarias a devindicación prodúcese no momento en que se realiza a feito imponible, fixado pola norma tributaria; en cambio, no caso das obrigas contractuais o momento da súa devindicación pode variar, dependendo da natureza e réxime do contrato (nalgúns casos, por exemplo, ese momento será o da perfección do contrato, e noutros referirase ao momento – ou momentos – de execución das prestacións que integran o seu obxecto). Por poñer outro exemplo, no caso dos contratos laborais a devindicación dos dereitos salariais prodúcese de forma continua no tempo (aínda que a súa liquidación sexa normalmente mensual) de xeito que se un contrato se extingue dentro dun período mensual, o traballador terá dereito ao aboamento da parte proporcional correspondente aos días efectivamente traballados no dito período (e non ao mes completo). En xeral, cabe distinguir a este respecto entre obrigas de tracto único, de tracto sucesivo e de tracto continuo. Nas obrigas de tracto único, haberá un único momento de devindicación, nas de tracto sucesivo a devindicación producirase de forma periódica e nas de tracto continuo, de forma continua (sen prexuízo de que, lóxicamente, a súa liquidación se faga de forma periódica, nun momento determinado e por referencia a ámbitos temporais concretos).

Pois ben, no caso das asignacións económicas aos grupos políticos municipais, en ausencia dunha norma concreta que estableza de forma expresa e inequívoca a data da súa devindicación, entendo que a interpretación máis acaída é a de considerar a obriga do seu pagamento como unha obriga de tracto continuo. A esta conclusión chégase a partir da indagación da causa da que xurde o dereito ao seu cobro, que non consiste na realización dalgún tipo de prestación (como no caso das obrigas contractuais) nin dun determinado feito imponible (como acontece nas obrigas tributarias) senón na mera existencia do grupo político. Deste xeito, se a causa de que se recoñeza o dereito á asignación económica é esa mera existencia do grupo, debidamente constituído no seo da Corporación, a conclusión máis lóxica, natural e coherente con este feito é a de que a devindicación dese dereito producirase de forma continua en tanto en canto se manteña a existencia do grupo. Partindo deste razoamento, a mensualidade prevista nas bases de execución debe entenderse como un simple módulo temporal de referencia para o cálculo do dereito á asignación (e non como momento temporal de nacemento do dereito, que xurdiría en cambio pola mera existencia do grupo político municipal) o que obrigaría a liquidar tamén – sen que propiamente se puidese falar de retroactividade – a parte proporcional do mes de maio a partir do día 6 (é dicir, un 77,42 % da asignación do mes de maio). “

Ó igual que no expediente relacionado no parágrafo anterior (2020021801 retribucións grupos municipais 3º trimestre 2020) a competencia para resolución do expediente corresponde, conforme ao artigo 24 das bases de execución, á Concellería delegada de Facenda.

Tendo en conta estes antecedentes, así como o feito de que, no Orzamento deste exercicio, se contempla o crédito necesario para atender este gasto na aplicación “N120.9123.48900 Asignacións a grupos políticos municipais” (a retención de crédito está recollida no expediente relacionado nº 2020041952), **DISPOÑO:**

1º.- Autorizar e dispoñer o gasto, e recoñecer unha obriga a favor dos grupos municipais que se especifican, con cargo á aplicación orzamentaria, “N120.9123.48900 Asignacións a grupos políticos municipais” (RC nº 202000056583 de 23/11/2020), as seguintes cantidades en concepto de asignación económica á que se refire o art. 41 das Bases de execución do vixente Orzamento en relación co art. 73 da lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, correspondente ao período do cuarto trimestre do 2020 , segundo o seguinte desglose:

GRUPO POLIT	CIF	Meses	Asig.Grup.Pol.	Nº Concelleir.	Asig.Concelleiro	Total
Grupo Municipal Democracia Ourenseana (*)	V32420655	3	700	2	700	7.925,81
Grupo Municipal Partido Popular	V32372922	3	700	7	700	16.800,00





Concello de **OURENSE**

Grupo Municipal Socialista	V32372310	3	700	9	700	21.000,00
Grupo Municipal Ciudadanos	V32501520	3	700	2	700	6.300,00
Grupo Municipal BNG	V32501439	3	700	2	700	6.300,00

(*) Grupo municipal Democracia Ourensana	18/31(días octubre)x(700 +700 x 6) =	2.845,16 €
Grupo municipal Democracia Ourensana	13/31(días octubre)x(700 +700 x 2) =	880,65 €
Grupo municipal Democracia Ourensana	2 (novembro e decembro) x (700 + 700 x 2) =	4.200,00 €

Total asignacións 4º trimestre 58.325,81 €

2º.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

Mándao e asíno o sr. concelleiro de Recursos Humanos; Facenda e Contratación; Educación, Promoción Económica, Recursos Europeos e Formación Ocupacional, en Ourense, na data da sinatura electrónica.

